

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 21 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 20 de novembro de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 28 de novembro), especialidade de deseño de moda na escola de arte Mestre Mateo.*

Rematado o prazo para presentar a instancia solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.es/profesorado](http://www.edu.xunta.es/profesorado)).

En consecuencia, esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións provisionais do baremo para prazas de interinidades e substitucións na especialidade de deseño de moda na escola de arte Mestre Mateo.

Segundo.-Contra estas puntuacións provisionais poderase interpoñer reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2006.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 21 de novembro de 2006, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de persoal subalterno do Hospital Meixoeiro.*

A Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 8 de maio de 2006 (*Diario*

*Oficial de Galicia* nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a provisión do posto de xefe de persoal subalterno do Hospital Meixoeiro.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do complexo hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, no prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG.

Vigo, 21 de novembro de 2006.

Manuel Sánchez Delgado  
Xerente do Complexo Hospitalario  
Universitario de Vigo

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO UN DA CORUÑA

*Edicto (49/2006-L).*

Na Coruña o sete de setembro de dous mil seis.

Mónica Vélez Roldán, secretaria stta. do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos de XVD 49/2006-L, entre as partes que se dirán posteriormente, nos cales se ditou sentenza, cuxo encabezamento e decisión son do teor literal seguinte:

«Sentenza.

Na Coruña o seis de xullo de dous mil seis.

Vistos por min, Marta Canales Gantes, maxistrada xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un desta cidade, estes autos de xuízo verbal, rexistrados co número 49/2006-L sobre desafiuzamento e reclamación de rendas, sendo parte demandante José Silveira Costa, representado pola procuradora María del Mar Rodríguez González e coa asistencia letrada de Ana María Seoane, e parte demandada Rafael Macías Alfonso, en situación procesual de rebeldía.

Decido que, estimando integramente a demanda interposta pola procuradora María del Mar Rodríguez González, no nome e representación de José Silveira